

# ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FGCMF DO 11 DE DECEMBRO DO 2010

Hora: 17,30 en 1º Convocatoria.

18,00 en 2º Convocatoria

Lugar: Avda. de Galicia,s/n (antiga Comandancia de Mariña)

Cambados Pontevedra

## Orden do Día

1º.-Lectura e aprobación, si procede, da acta anterior

2º .-Avance do estado de contas

3º.- Informe das xestións da Xunta Directiva

4º.- Orzamento para o ano 2011

5º.- Rogos e preguntas

Comeza a Asemblea en segunda convocatoria as 18,00 por non haber quórum necesario na primeira convocatoria.

A mesa que preside a Asemblea esta formada polos seguintes membros da Xunta Directiva

Presidente: Víctor Fernández González  
Vicepresidente: Xaquín Lores Torres  
Secretario: Braulio Puga Torrado  
Tesoureiro: Guillermo Gefael Chamochín  
Vocal Uxío Allo Garcia

## ASOCIACIÓNS ASISTENTES

A. Amigos da Dorna de Portonovo, A. Marisma da Ramallosa, Instituto de Estudos Miñoranos, A. Cultural e Deportiva Rompetimóns, A. Ostreira de Abilleira, A. Dorna Meca, A. Sueste, A. Cultural Lajareu por Barlovento, Clube Mariño A Reiboa, A. Marítima e Cultural de Vilaxoán, A. Grupo etnográfico Mascato, A. Mariñeiros de Bouzas, A. Dorna da Illa de Arousa, A Amigos do Museo do Mar, A. de Enxeñeiros Navais, A. Barcos do Norte,

### **1º Lectura e aprobación, si procede, da acta anterior**

A acta que se enviou por correo electrónico, ás asociacións, e da que hai copias impresas na Sede da Federación para consulta antes de dar comezo, é a acta da Asemblea Xeral Ordinaria do 04 de Xuño do 2010 **A acta aprobase por unanimidade.**

### **2º Avance do estado de contas**

O tesoureiro repartiu unha folia explicativa que denominou control orzamentario onde constaba o orzamentado para o ano 2010, o executado ata a data 30-11-2010 e a proxección do peche do ano, ao tempo que informou dos detalles tamén se repartiu un listado co estado de pago de cotas actual, o que provocou un debate que finalizou tomándose o acordo de que as asociacións que non estean ao día nos pagos non se lle prestaran os servizos a que haxa lugar, como por exemplo incluílos, en caso de que o solicitaran na póliza de responsabilidade civil que contrata a Federación para certos eventos Marítimos. Este cese de prestacións durará en tanto non se poñan ao día no pago das cotas.

José Manuel, de Marisma da Ramallosa comunica que se integraron no Instituto de Estudos Miñoranos, polo que a partir de agora constarán como unha soa asociación membro.

### **3º Informe das xestións da Xunta Directiva**

O presidente seguindo a orde do Plan de Traballo para o bienio 2010-2011, enviado ás asociacións o 24 de xaneiro do 2010, comenta que na última reunión co alcalde de Cambados nos comunicou que na antiga fabrica de Peña, que se inaugurara nos primeiros meses do próximo ano, hai un lugar reservado para a sede da Federación, explica a continuación que despois de haber conseguido a contratación dunha persoa para labores administrativas durante un ano, neste momento xa podemos confirmar que nos asignaron unha partida para poder levar a cabo a contratación de outro ano, informa tamén de que xa estamos censados no rexistro da Consellería de Cultura, e que tamén estamos incorporados no rexistro de asociacións de voluntariado, informa que temos pendente o de definir a identidade corporativa da FGCMF, que se traballará de cara a definir un logo que nos satisfaga a todos. Por outra banda, mostra o certificado do Rexistro de Marcas do nome de "*Encontros de Embarcacións Tradicionais de Galicia FGCMF*" que recentemente conseguimos. Se comenta que inda non conseguimos establecer canles de comunicación ca prensa, pero que se están tomando medidas de cara a mellorar ese aspecto, tamén se comunica que a Federación entrou a formar parte do comité executivo de European Maritime Heritage.

Pablo Carrera, representante da FGCMF no comité executivo e no de cultura da EMH comunica o falado na última reunión destes comités, información que logo pasará por escrito.

O tesoureiro comunica que a Federación tamén esta representada no Safety Council da EMH (Comité de seguridade, que trata dos requirimentos de seguridade dos barcos (estabilidade, contra-incendios, habilitación etc, etc.)). O tesoureiro explica que nestes momentos na administración se esta falando dunha lexislación de barcos,

é que en Mariña Mercante se vai traballar nunha lexislación específica para os barcos tradicionais, e que pensa que hai moitas probabilidades de que a Federación poida ser consultada sobre esta nova lexislación.

Tamén comenta que na DGMM pensan máis nunha norma de uso que nunha norma de construción e que os requisitos de utilización serán establecidos baseándose no uso que se lle dan os barcos.

Comenta Pablo Carrera que son leis estatais, que competen á navegación, pero que xa se ten falado coa Consellería de Cultura para que no futuro haxa un recoñecemento do valor Patrimonial destas embarcacións, e que a Declaración de Xixón pode ser a folla de ruta, que sirva de punto inicial de traballo.

O vicepresidente informa da viaxe a Escocia como parte do Proxecto Dorna, onde se estableceron lazos coas asociacións escocesas, pero que a actividade náutica na zona de Glasgow é limitada, centrándose sobre todo no remo tradicional. Tamén informa que o Proxecto Dorna financiou unha exposición en terra de barcos tradicionais dentro da Parrocheira 2010, que todo foi segundo o previsto e que os pagos acordados xa foron feitos aos participantes.

O secretario informa sobre o inventario de barcos do Proxecto Dorna, expoñendo que se trata dunha base onde hai barcos de Escocia, Portugal, País Vasco e Galicia, que inda que fomos os últimos en empezar a meter datos, agora estamos a cabeza, con 13 portos metidos na base, 13 tipoloxías e 112 barcos, tamén indica que sería convínente que continuara a colaboración das asociacións, posto que no futuro podería ser posible que estes datos foran importantes para defender ante as administracións asuntos de máximo interese para todos.

#### **4º.- Orzamento para o ano 2011**

O tesoureiro entregou un cuadrante co orzamento para o ano 2011 onde ademais dos datos orzamentarios había unha columna onde se podía ver a variación porcentual, aclarando que a cifra estimada para a subvención da Consellería para o Encontro de Carril poder vir a non ser certa, unha vez explicado todo con detalle, se procedeu á votación, **quedando aprobado por unanimidade o orzamento para o exercicio do ano 2011**

#### **5.- Rogos e preguntas**

Anxo explica con detalle a situación actual do barco "Platuxa" e o porque decidiron cedelo a calquera asociación ou outros que estean dispostos a facerse cargo do barco. Xaquín Lores expón que o próximo ano é o 20 aniversario do levantamento do pecio da lancha xeiteira MARINA e que con tal motivo se esta organizando por parte da Consellería do Mar, o Museo do Mar de Galicia e o Museo Massó unha serie de exposicións, e que probablemente se faga un vídeo. Pablo Carrera tamén nos indica que calquera persoa que teña material con relación as lanchas xeiteiras se agradecería que o comunicara. José Cadaveira pregunta acerca do próximo encontro, se explica que nestes intres inda non aí orzamentada ningunha partida, polo que a pesar de haber algunhas reunións preliminares, estamos a espera de saber de que cantidades se dispón para poder ir atando cabos.

Joao agradece a federación en nome da Asociación Barcos do Norte e da Cámara Municipal de Viana do Castelo a participación no seu encontro.

Se comenta a situación actual do Purro que inda pendente de solucións definitivas non vai ser derribado. Fernando Piñeiro dentro do apartado do inventario dos barcos, fala de como se deben medir as Dornas, o que suscita varias intervencións, aclarándose que no caso dos datos que se están a pedir, se solicitan medidas máximas.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a asemblea ás 20,50 horas.

Cambados, a 11 de Decembro do 2010.

O Secretario  
Braulio Puga Torrado

O Presidente  
Víctor González Fernández